

A negociación dun Novo Estatuto Marco, a oportunidade de acadar unha verdadeira clasificación profesional

Despois de case dous anos de negociación do Novo Estatuto Marco, o Ministerio na pasada reunión do día 12 de xuño da por finalizada unha primeira revisión a case tódolos capítulos do Estatuto, e **abren agora a negociación**, segundo eles, a un cambio significativo en canto á **clasificación profesional** e ao réxime de xornada e descansos.

Para **CIG-Saúde** esta negociación é a oportunidade para incorporar unha clasificación profesional adaptada ás e aos profesionais da sanidade pública.

Demandamos que o Novo Estatuto Marco **incorpore unha clasificación propia, que recoñeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza**, e estableza un **réxime extraordinario de adaptación** da situación actual aos novos requirimentos.

Propostas de CIG-SAÚDE para a clasificación das profesionais da sanidade nun Novo Estatuto Marco

Unha clasificación para todas as categorías.	⇒	Retribucións adaptadas á nova categoría.
Sistema retributivo propio da sanidade.	⇒	Actualizar a retribución do persoal estatutario.
Desaparición das agrupacións profesionais.	⇒	Requisito mínimo de titulación ESO, FP básico.
Unha nova clasificación do grupo A.	⇒	Creación dun único grupo A
Grupo A con retribucións comúns: Salario base + Trienios	⇒	Diferenza salarial nas retribucións complementarias, en función da prestación e dos requisitos de titulación. Recoñecemento da formación sanitaria especializada.

Proposta de Clasificación CIG-SAÚDE. Atendendo ás titulacións académicas

Grupo profesional	Requisito de Titulación
A	Titulación Universitaria.
B	Técnicos Superiores de Formación Profesional.
C1	Bacharelato, Formación Profesional Grao Medio.
C2	Educación secundaria obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico.
Agrupacións Profesionais	Desaparición deste grupo e incorporación no grupo C2.

